

Día das Letras Galegas / 17 de maio de 2020 / Actividade do Departamento de Lingua e Literatura Galega:

Carvalho na fiesta

A quen se adica o Día das Letras Galegas este ano 2020?

Este **domingo 17 de maio** celebramos o **Día das Letras Galegas**, adicado nesta edición ao escritor ferrolán **Ricardo Carvalho Calero** (1910-1990); este intelectual destacou como historiador e crítico literario e tamén como filólogo e lingüista. Tamén se adicou á creación literaria, tanto no ámbito da novela como no da poesía e o teatro. Autor dunha extensa obra, está considerado o ideólogo do **reintegracionismo lingüístico**, postura que defende que a lingua galega é unha variedade da lingua portuguesa ou, no ámbito científico, do galego-portugués.

Como imos celebrar o Día das Letras Galegas este curso?

Debido ás circunstancias excepcionais que vivimos, propoñémoslle a toda a comunidade educativa do IES de Ames unha actividade virtual, simultánea e que se pode realizar desde os domicilios particulares, unha iniciativa colectiva para celebrar xuntas e xuntos o Día das Letras Galegas cun espírito positivo na que nos gustaría que participase tamén todo o profesorado.

Como se titula a actividade?

A actividade noméase **“Carvalho na fiesta”**; con este título queremos destacar o apelido do autor, así como a escolla do **-lh-** como grafía do galego reintegrado no ámbito da lusofonía. Así mesmo, o carballo é unha árbore simbólica da cultura galega, caracterizada pola forza, a resistencia e a beleza. A fiesta fai referencia ao título dun poema de Carvalho Calero titulado *“Fiesta ao mar e á cidade”*, onde aparecen un par de versos que imos usar como motivo central da actividade:

O azul cravado ao alto con mil cravos de ouro

En que consiste a actividade?

Moi doado. Segue os seguintes pasos:

1. Escolle unha fiestra, balcón ou terraza da túa casa; un lugar simbólico do teu confinamento durante a corentena e que exprese esa necesidade de luz e de comunicación co exterior.
2. Nesa fiestra debes realizar un selfie no que apareza e se poida ler ese verso de Carvalho Calero: ***O azul cravado ao alto con mil cravos de ouro***. Podes aparecer ti na imaxe ou non, pero é importante que a imaxe recolla o verso dun modo claro, relacionado co valor simbólico que ten a ventá para ti. Podes integrar o verso na fotografía como ti queiras: cun cartel, cunhas letras pintadas no cristal, cunha tatuaxe pintada nun brazo, etc. Dálle renda libre á imaxinación!
3. Unha vez feita a fotografía, se es usuaria/o de redes sociais e queres, súbea á túa conta xusto o **domingo 17 de maio**, acompañada dos cancelos **#carvalhonafiestra #letrasgalegas2020 #iesdeames**. Ademais, envía a foto directamente ao enderezo galegoberta18@gmail.com, antes do venres 15 de maio, para que poidamos montar con elas un vídeo do centro.

GRAZAS POR FORMAR PARTE DESTA INICIATIVA!